

Nome:


Curso:

O RETO 2 SEMANAL

Primaria
2^a Semana


1) Bolsas:

Como se poden alternar unha bolsa chea e outra baleira tocando soamente unha bolsa?



2) Carreta:

Un carreteiro vai moi rápido polo campo, sen que ningún candil ilumine o seu camiño. Non hai lúa. Unha muller vestida de negro pasa por diante da carreta. Malia todos os condicionantes, o carreteiro vea e para o carro antes de atropelala. Por que?




3) A ola baleira:

Cantas gotas de auga caben nunha ola baleira?



4) Averigua qué día é hoxe:

Se hoxe non é o día seguinte ao luns ou o día anterior ao xoves, se mañá non é domingo, se onte non foi domingo, se pasado mañá non é sábado, se antonte non era mércores; que día é hoxe?



Nome:

Curso:

O RETO 2 SEMESTRAL

E.S.O.

2^a Semana

Quen perde, gaña:

Nun torneo, dous cabaleiros están empatados. Para establecer quen será o gañador, o rei dilles: "Vedes aquela torre no horizonte? O cabaleiro cuxo cabalo chegue o último a ela gañará o torneo".

Os dous cabaleiros van correndo ás cortes, montan rapidamente nun cabalo cada un e diríxense a galope cara á torre.


Como se explica este comportamento aparentemente ilóxico dos dous cabaleiros?



Cadeado:

Como mostra do seu amor, Isolda quere enviarlle a Tristán uns mechóns do seu cabelo nun cofre. Para que ninguén poida abrir un cofre tan comprometedor, Tristán e Isolda teñen un cadeado cada un que pode poñerse no cofre. Para non ser descubertos, un amante non ten a chave do cadeado do outro. Como

conseguirán os amantes que o cofre poida abrirse cando chegue ao seu destinatario?



Na fonda:

Un vendedor de toallas, un froiteiro e un carniceiro van á feira de Sabarís. Quedan a durmir nunha fonda da Ramallosa, na que alugan unha habitación para tres persoas por 30€ a noite. Cada un paga 10€. Á dona da fonda cáenlle ben e decide baixarlles o prezo do cuarto a 25€, de forma que lles devolve 5€. Pero eles son tres, polo que deciden quedar cun euro cada un e deixar 2 como propina. Cada un pagou, pois, 9€ ($3 \times 9 = 27$) e a dona da fonda recuperou 2€ ($27 + 2 = 29$). Onde está o euro que falta?

